



## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de tratorista que desenvolverá traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio interadministrativo asinado entre a Consellería de Medio Rural e este concello para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente polo Feader e pola addenda ao dito convenio asinada o pasado 29 de decembro de 2019 para o ano 2020 no tocante ás actuacións en materia de traballos preventivos de xeito mecanizado.

Modalidade: contrato laboral temporal de duración determinada ata o 30 de setembro de 2020.

Prazo de duración: ata o 30 de setembro de 2020 (incluído).

Xornada laboral: completa (40 horas semanais)

#### CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo do mesmo.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

#### 1. Aprobar a listaxe de admitidos e excluídos no proceso:

Listaxe de admitidos no proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de tratorista que desenvolverá traballos esporádicos de peón de servizos múltiples para a realización de tarefas de mantemento e xardinería ao abeiro do convenio interadministrativo asinado entre a Consellería de Medio Rural e este concello para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente polo Feader e pola addenda ao dito convenio asinada o pasado 29 de decembro de 2019 para o ano 2020 no tocante ás actuacións en materia de traballos preventivos de xeito mecanizado.

APELIDOS E NOME	DNI
CARAMÉS SÁNCHEZ, GUILLERMO	***9117**
LÓPEZ VILARIÑO, JOSE MARÍA	***4792**

#### 2. Establecer a composición do tribunal:

Presidente: Pablo Vidal Ferreño, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: O titular da secretaría-intervención do Concello de Oza-Cesuras ou persoal funcionario en quen delegue.

Tres Vogais:

- José Manuel López Fraga, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- María Sandra Sánchez Núñez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.





## Concello de Oza-Cesuras

---

- Jose Varela Lata, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplente: María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

3. O tribunal seleccionador deberá constituirse o vindeiro luns, 15 de xuño de 2020 ás 10 horas ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorarán os servizos laborais prestados como tratorista e/ou peón de servizos múltiples e forestal (tarefas de mantemento e/ou xardinaría) de conformidade coa documentación que achegaron os solicitantes ao presentar a solicitud de admisión á convocatoria.

4. Asimesmo, advertido un erro material na base 9 “Documentación” na que se sinala que a persoa proposta para formalizar o contrato laboral, deberá presentar nun prazo máximo de 2 días naturais dende que se lle comunique a situación de incapacidade temporal da persoa que ven desenvolvendo ditas funcións na actualidade, os seguintes documentos” cando neste suposto non se trata de cubrir ningunha situación de incapacidade temporal procédese á súa corrección do seguinte xeito:

- Onde di “ dende que se lle comunique a situación de incapacidade temporal da persoa que ven desenvolvendo ditas funcións na actualidade”
- Debe dicir: “dende que se lle comunique telefónicamente que resultou seleccionado”

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s.

**O ALCALDE,**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Dou fe,**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

